

Orde conxunta do ... de de 2018, pola que se aproban os pregos de condicións aos que haberán de suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contempladas na Disposición Adicional 3ª da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados por lexislación de protección do dominio público

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia establece o marco normativo do montes ou terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Un dos obxectivos desta lei é permitir a compatibilización dos diferentes usos e aproveitamentos forestais.

A Lei de montes de Galicia, na última modificación operada a través da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia regula, no seu artigo 92, a autorización única para a realización de aproveitamentos madeireiros que, segundo a lexislación sectorial de aplicación, esixisen autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. De tal forma que a competencia para conceder esta autorización corresponde ao órgano forestal competente, logo do informe preceptivo dos órganos ou organismos sectoriais.

Así mesmo, o citado artigo 92 faculta ás consellerías competentes a aprobar, mediante orde, os pregos coas condicións sectoriais a que haberán de suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contempladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais nos terreos forestais que formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección e nos terreos forestais afectados por algunha lexislación de protección do dominio público. En consonancia con isto, a aprobación dos citados pregos, permitirá substituír a esixencia de autorización administrativa pola declaración responsable da persoa interesada do cumprimento dos requisitos contemplados en ditos pregos e eliminará a necesidade de obter informe previo do órgano sectorial competente.

As especies afectadas por esta previsión son: o piñeiro galego ou do país, o piñeiro de Monterrey, o piñeiro de Oregón, a acacia negra e o eucalipto, respectando as peculiaridades establecidas en cada prego. Exclúese da relación contida na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, a mimosa (*Acacia dealbata*), por estar incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras, polo que lle resulta de aplicación o establecido no artigo 64.5 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que esixe autorización administrativa para a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares desta especie.

Os terreos forestais afectados son aqueles que estean suxeitos a un réxime de protección ou pola lexislación de protección do dominio público e abranguen materias tan variadas como os terreos suxeitos á normativa sectorial en materia de costas, patrimonio cultural, estradas,

augas e conservación da natureza, sempre e cando o dominio público protexido corresponda á competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Noutros casos, os aproveitamentos poden afectar a dominio público estatal, competencia do Estado, en cuxo caso segue a rexeir a normativa básica de aplicación. Nestes casos as afectacións serían, principalmente, as relativas a estradas do Estado, concas hidrográficas que afectan a mais dunha comunidade autónoma ou espazos afectados pola rede ferroviaria.

Esta orde contempla os condicionantes que han de cumprir as cortas das especies sinaladas en zonas de protección de estradas, policía de leitos e de conservación do patrimonio natural.

Á vista do anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no artigo 38.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia e no artigo 92.7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Consellería do Medio Rural,

DISPOÑEN:

Primeiro.- Aprobar os pregos de condicións sectoriais ás que deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos seguintes terreos:

1. Nos terreos que conforman a zona de protección de estradas de titularidade autonómica, cuxo prego se establece no anexo I desta orde;
2. Nos terreos que forman parte da Rede galega de Espazos Protexidos, Rede Natura 2000 e áreas prioritarias de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas onde existen plantacións do xénero *Pinus*, *Eucalyptus* e mistas de ambos xéneros coas condicións recollidas no Anexo II desta orde.
3. Nos terreos que forman parte da zona de policía de leitos (5-100 m), no ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, cuxo prego se establece no anexo III desta orde.

Segundo. - As especies forestais para as que rexen estes pregos, respectando as peculiaridades establecidas no prego correspondente aos terreos que forman parte da Rede Galega de Espazos Protexidos, Rede Natura 2000 e áreas prioritarias de especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, son as comprendidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia das que a súa corta é susceptible de solicitarse nunha declaración responsable, e son as seguintes:

ESPECIE	NOME COMÚN
---------	------------

<i>Pinus pinaster</i>	piñeiro galego, piñeiro do país
<i>Pinus radiata</i>	piñeiro de Monterrey
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	piñeiro de Oregón
<i>Acacia melanoxylum</i>	acacia negra
<i>Eucalyptus spp</i>	eucalipto

Terceiro.- Os aproveitamentos contemplados neste prego están supeditados á presentación da correspondente declaración responsable, na sede electrónica da Xunta de Galicia, segundo o modelo MR604H, e o aproveitamento realizarase no prazo máximo dun ano dende a presentación desta declaración.

Cuarto.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable sinalada no número anterior, ou a non presentación desta declaración responsable, determinará a imposibilidade de exercer o aproveitamento, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, podendo a resolución que declare tales circunstancias, determinar a obriga de repoñer as cousas ao estado previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado.

Quinto.- O aproveitamento se realizará a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias de ser o caso, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens.

Sexto.- En tanto o monte non dispoña do instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio, de conformidade co indicado na disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cando a superficie de aproveitamento sexa superior a 15 hectáreas, terán que solicitar a autorización previa do plan de cortas. Unha vez que o plan de cortas foi autorizado, poderá presentarse a oportuna declaración responsable.

Sétimo.- O aproveitamento realizarase sen abandonar ningún tipo de material que poda resultar tóxico para as augas, a flora ou a fauna acuática e terrestre, debendo retiralo dos terreos e entregalo a un xestor autorizado ou ben depositalo en vertedoiros autorizados no caso de que se trate de material non biodegradable, contaminante ou impropio do medio natural, procedente da realización dos traballos (plásticos, aceites, recambios usados, etc.).

Oitavo.- En ningún caso poderán ser obxecto dunha declaración responsable aqueles usos que requiran a realización dunha avaliación ambiental no marco da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Noveno.- Aquelas persoas propietarias de montes ou de terreos forestais nos que se verificara o incumprimento do condicionado da declaración responsable, non poderán volver a presentar unha nova declaración responsable durante o período de tempo establecido por lei.

Décimo.- A presentación da declaración responsable non suporá a adquisición de dereitos permanentes de corta sen autorización en favor do declarante podendo suspenderse temporal ou definitivamente pola Administración por razóns de afección ao dominio público ou ao patrimonio natural, seguridade, saúde ou outros motivos xustificados, sen que a persoa declarante teña dereito a indemnización algunha.

Décimo primeiro.- Esta orde produce efectos dende o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Beatriz Mato Otero

Conselleira do Medio Rural

Ángeles Vázquez Mejuto

ANEXO I

Prego de condicións para os aproveitamentos madeireiros nos terreos que conforman a zona de protección de estradas de titularidade autonómica

1. Non se autoriza a corta de arborado na zona de dominio público da estrada.
2. A realización do aproveitamento pode modificarse ou suspenderse temporal ou definitivamente pola Administración cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento dos seus condicionantes, por poñer en risco a seguridade viaria, sen que a persoa que realiza o aproveitamento teña dereito a indemnización ningunha.
3. O aproveitamento non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular da estrada de ningunha responsabilidade respecto da persoa que realiza o aproveitamento ou de terceiros
4. Se para a execución do aproveitamento madeireiro fose necesario construír un acceso á estrada autonómica, a persoa que realice o aproveitamento deberá solicitar previamente a

preceptiva autorización do dito acceso ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

5. O persoal da Axencia Galega de Infraestruturas, poderá realizar labores de inspección e vixilancia e as súas indicacións serán cumpridas polas persoas que realicen os aproveitamentos.

6. O aproveitamento madeireiro executarase cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade das disposicións vixentes e a persoa que realiza o aproveitamento aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.

7. As árbores ou ramas deberán cortarse de xeito que caian fóra da plataforma da estrada, debendo empregar os medios necesarios para este fin. As ramas e demais produtos da corta ou poda depositaranse fóra da calzada, beiravías, foxos e resto da zona de dominio público da estrada.

8. Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais, salvo autorización previa do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, tramitada segundo o establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

9. O aproveitamento madeireiro realizarase só no caso no que non resulten diminuídas as condicións de visibilidade ou de seguridade na estrada e en ningún momento se prexudicará á estrada por variar o curso das augas ou producir inestabilidade nos taludes.

10. O aproveitamento efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas tanto de vehículos como de peóns e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos.

11. O aproveitamento debe executarase adoptando as precaucións oportunas, para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou ás gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe no aproveitamento o por calquera outra causa.

12. Durante os traballos, establecerase a sinalización adecuada ás actividades a realizar, de acordo coas disposicións vixentes sobre a materia, tendo en conta que, salvo casos excepcionais debidamente autorizados, a dita sinalización non deberá impoñer restricións que afecten á circulación pola estrada. En todo caso, o executor da actividade está obrigado a adoptar todas cantas precaucións sexan precisas, non podendo establecer ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

13. Os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización dos traballos, son responsabilidade das persoas que realizan o aproveitamento, quedando obrigadas a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución dos traballos, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

14. O incumprimento por parte das persoas que realizan o aproveitamento, de calquera das condicións impostas neste prego de condicións poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda.

ANEXO II

Prego de condicións para os aproveitamentos madeireiros nos terreos que forman parte da Rede galega de Espazos Protexidos, Rede Natura 2000 e áreas prioritarias de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas onde existen plantacións do xénero *Pinus*, *Eucalyptus* e mixtas de ambos xéneros

Galicia conta cunha abundante relación de hábitats naturais diversos, consecuencia da súa grande heteroxeneidade orográfica, litolóxica, edáfica e climática, e da influencia da implantación do ser humano no territorio desde o Neolítico. Estes hábitats acollen unha das máis ricas representacións de flora e fauna da península Ibérica.

Tal como indica o preámbulo da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, unha parte significativa dos montes galegos, predominantemente os montes veciñais en man común, están incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos, o que revela a importancia dos bosques galegos no mantemento da riqueza e biodiversidade da nosa flora e fauna, así como o papel tan importante que os montes desempeñan na protección do solo, a paisaxe, os

sistemas hidrolóxicos e todos os ecosistemas que as formacións arbóreas albergan.

É por iso que esta lei ten obxectivos comúns coa Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, coma a conservación, protección e restauración dos ecosistemas forestais e da súa biodiversidade ou a adaptación dos montes ao cambio climático, fomentando unha xestión encamiñada á resiliencia e resistencia dos montes.

Dentro dos aproveitamentos forestais que poden realizarse en espazos naturais protexidos existen determinados usos que poden ter afección sobre hábitats de interese comunitario ou hábitat das especies de interese para a conservación, así como outros que se desenvolven sobre plantacións forestais que non constitúen un valor a protexer. Sobre a explotación deste último tipo de plantacións poden establecerse uns requirimentos menos estritos que no caso dos hábitats de interese sempre que, tras a análise da Lei 7/2012, do 28 de xuño e a Lei 42/2007, do 13 de decembro, así como da súa normativa de desenvolvemento, se demostre que a dita explotación se axusta ao disposto nelas.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro establece, no seu artigo 2, como principios que inspiran a lei, a integración dos requisitos de conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais e, en particular, na toma de decisións no ámbito político, económico e social. Este artigo tamén establece como principio, a precaución nas intervencións que poidan afectar aos espazos naturais e ás especies silvestres.

O artigo 30 da antedita Lei establece a clasificación dos espazos naturais protexidos nas categorías de parques, reservas naturais, áreas mariñas protexidas, monumentos naturais e paisaxes protexidas.

Na descrición de determinadas categorías de espazos protexidos, esta lei establece unha serie de limitacións aos aproveitamentos dos recursos naturais. Estas limitacións son case totais no caso das reservas naturais onde, no artigo 32.2, ven recollida a prohibición de recoller material biolóxico ou xeolóxico salvo naqueles casos que, por razóns de investigación, conservación ou educativas, se permita previa autorización administrativa.

O artigo 31.3, en relación cos parques, e o artigo 34.3, en relación cos monumentos naturais, establecen limitacións para a explotación de recursos. No caso dos parques poderá, ademais, prohibirse esta explotación de resultar incompatible coas finalidades que xustificaran a súa creación. No caso dos monumentos naturais esta explotación debe ser coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer e a súas normas, e unicamente poderán realizarse mediante autorización.

Esta lei tamén desenvolve, no capítulo III do Título II, en concreto no seu artigo 42, os espazos protexidos Rede Natura 2000, conformados polos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), as Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e as Zonas de Especial

Protección para as Aves (ZEPA), cuxa xestión terá en conta as esixencias ecolóxicas, económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. O artigo 46 desta lei establece as medidas de conservación deste tipos de espazos.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza recolle no seu artigo 2, como principios inspiradores da lei, o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. O artigo 9 establece para Galicia as seguintes categorías de espazos naturais protexidos: Reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento Natural, Humidal Protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais (constituída actualmente, conforme se recolle no artigo 16 desta lei e no Decreto 72/2014, do 2 de outubro, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial protección dos valores naturais, polas ZEC e ZEPA declaradas, que ademais de formar parte da Rede Natura 2000 teñen esta categoría de espazo natural protexido), Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural. Salvo os espazos declarados dentro destas dúas últimas categorías, os demais están integrados na Rede Galega de Espazos Protexidos. A Lei 9/2001, do 21 de agosto, tamén establece limitacións para o aproveitamento dos recursos en determinadas categorías.

En base a esta lexislación, en Galicia están incluídos dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos 1 parque nacional, 6 parques naturais, 8 monumentos naturais, 5 zonas húmidas protexidas e 2 paisaxes protexidas. Ademais están declaradas 59 ZEC e 16 ZEPA.

Os usos nestes espazos naturais protexidos están regulados nos correspondentes instrumentos de planificación. Así, nos espazos protexidos Rede Natura 2000 é de aplicación o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, que ten a consideración de Plan de ordenación dos recursos naturais.

O artigo 57.2.h do Plan director indica que os aproveitamentos deberán realizarse ao abeiro dos obxectivos da Rede Natura 2000 e dos criterios e indicadores de xestión forestal sustentable, coa finalidade de garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitat de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, así como de garantir a persistencia da masa, solos, biótopos e ecotonos que albergue o monte, así como da tendencia da dinámica das formacións de carácter natural.

En base a estes criterios este artigo, no seu punto 3, establece os usos permitidos, os sometidos a autorización e os prohibidos en materia forestal, establecendo entre os usos permitidos en toda a rede Natura 2000 (ZEC y ZEPA): o mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa, as cortas de arborado de obrigada execución e as de uso doméstico.

O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia estipula no seu artigo 57.3.d) que determinados aproveitamentos de masas forestais na Rede Natura 2000 non recollidos nos seus correspondentes proxectos de ordenación, documento simple de xestión ou documento

compartido de xestión aprobados, deberán ser sometidos ao informe preceptivo do órgano competente en materia de conservación da natureza e, polo tanto, serán sometidos a autorización en base ao artigo 26 deste mesmo plan. Entre estas actividades figuran as cortas de masas forestais de especies autóctonas, coníferas autóctonas e nas masas mixtas de especies alóctonas e coníferas autóctonas, efectuadas conforme as especificacións incluídas no Plan director e na normativa sectorial vixente, de maneira que se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non comporten unha afección apreciable sobre os tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e non afecten a árbores e mouteiras senlleiras, declaradas de conformidade co Decreto 67/2007, do 22 de marzo.

No tocante ás especies de flora e fauna, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, establece que, nas súas actuacións, a Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna que viven en estado silvestre en Galicia, con especial atención ás autóctonas. Ademais, para a adecuada protección das especies, as subespecies ou os núcleos poboacionais de Galicia, crea o Catálogo galego de especies ameazadas, que inclúe ás especies, ás subespecies ou ás poboacións de fauna e flora silvestre que se encontran nunha situación de ameaza dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por ese motivo, requiren medidas específicas de protección.

O Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, define as áreas prioritarias de conservación das especies do Catálogo galego de especies ameazadas como aquelas áreas vitais para a supervivencia e recuperación dun taxón ou poboación ameazada, e que incorporarán, como mínimo, os enclaves do refuxio, celo, reprodución e alimentación utilizados en diferentes estacións. A conservación destas áreas será prioritaria.

Por outra banda, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, regula, no seu artigo 92, a autorización única para a realización de aproveitamentos madeireiros que, segundo a lexislación sectorial de aplicación, esixisen autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Deste xeito, a competencia para conceder esta autorización corresponde ao órgano forestal competente, logo do informe preceptivo dos órganos ou organismos sectoriais.

Así mesmo, o citado artigo 92 faculta ás consellerías competentes a aprobar, mediante orde, os pregos coas condicións sectoriais a que haberán de suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contempladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, entre outros supostos, nos terreos forestais que formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección e nos terreos forestais afectados por algunha lexislación de protección do dominio público. En consonancia con isto, a aprobación dos citados pregos permitirá substituír a esixencia de

autorización administrativa pola declaración responsable da persoa interesada do cumprimento dos requisitos contemplados en ditos pregos e eliminará a necesidade de obter informe previo do órgano sectorial competente.

No que afecta á protección de terreos suxeitos a unha especial protección dende a perspectiva da conservación do patrimonio natural, e da análise das especies contempladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, as únicas especies nas que podería establecerse a declaración responsable serían tendo en conta a normativa de patrimonio natural: o piñeiro galego ou do país, o piñeiro de Monterrei e o eucalipto. Exclúese tamén do prego de condicións recollido neste anexo a especie *Pseudotsuga menziesii* ou Piñeiro de Oregón e a especie *Acacia melanoxylum* ou Acacia Negra ao non contar as ditas especies cunha unidade ambiental das recollidas no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e, polo tanto, non constar especificamente na cartografía actual dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

En relación cos espazos incluídos na Rede galega de Espazos Protexidos, avalíase a posibilidade de substituír a existencia de autorización administrativa por unha declaración responsable para os aproveitamentos forestais destas especies sempre que non existise nestes espazos unha planificación ou un réxime de protección específicos máis estritos que os recollidos no Plan director, como é o caso dos parques naturais, reservas naturais ou monumentos naturais.

No caso da Rede Natura 2000, a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do Decreto 37/2014, do 27 de marzo constata, en determinados aproveitamentos forestais como os eucaliptais e piñeirais, a escasa presenza de hábitats de interese comunitario.

No caso das especies sometidas a algún réxime de protección, excluíronse do ámbito de aplicación desta orde e, polo tanto do emprego da declaración responsable, aqueles espazos protexidos que foron declarados para a protección dos hábitats das especies do anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, así como das especies migratorias de chegada regular non incluídas nese artigo (ZEPA) e as áreas prioritarias de conservación daqueles taxons incluídos no Catálogo galego de especies ameazadas.

Polo anterior, as condicións aos que se someterán os aproveitamentos madeireiros nos terreos que forman parte da Rede galega de Espazos Protexidos, Rede Natura 2000 e áreas prioritarias de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas onde existen plantacións do xénero *Pinus*, *Eucalyptus* e mixtas de ambos xéneros, son as seguintes:

1. CONDICIÓNS XERAIS:

Primeiro.- Presentarase unha declaración responsable para a realización de aproveitamentos madeireiros en zonas da Rede galega de espazos protexidos onde existen plantacións do xénero *Pinus*, *Eucalyptus* e mixtas de ambos xéneros, coa exclusión de:

a) As ZEPA e aqueles terreos cuxo ámbito territorial coincida coa figura de parque natural, reserva natural ou monumento natural.

b) As áreas prioritarias de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas.

Nestas zonas excluídas do ámbito de aplicación da declaración responsable, precisarase dunha autorización administrativa.

Segundo.- As especies forestais para as que rexe este prego, dentro das comprendidas na Disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, son as seguintes:

ESPECIE	NOME COMÚN
<i>Pinus pinaster</i>	piñeiro galego, piñeiro do país
<i>Pinus radiata</i>	piñeiro de Monterrei
<i>Eucalyptus spp</i>	eucalipto

Terceiro.- O aproveitamento realizarase sobre masas puras de eucaliptos, piñeiros ou masas mixtas de piñeiros e eucaliptos. Este aproveitamento realizarase sobre o número de pés, volume e especies declarados de piñeiros e eucaliptos, podendo incluír ata un máximo do 10% de pés doutras especies mesturadas. No resto de casos, deberán someter a solicitude de corta a autorización.

Cuarto.- Nos aproveitamentos empregaranse, exclusivamente, os camiños de servizo, rúas de desembosque ou vías de saca existentes na parcela, sen realizar a apertura de novas vías de saca temporais ou permanentes.

Quinto.- No caso de aprobar con posterioridade a estes pregos un instrumento de planificación de calquera categoría de espazo natural protexido onde se estableza unha limitación para a declaración responsable, a explotación dese espazo poderá regularse por eses novos criterios ou, no seu caso, someterse a autorización.

Sexto.- A nova plantación requirirá autorización preceptiva do Servizo de Conservación da Natureza da provincia correspondente, segundo o recollido no artigo 57.3.e.2º e 3º do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

Sétimo.- O órgano con competencias en conservación do patrimonio natural poderá verificar a presenza de especies ou hábitats catalogados e realizar en calquera momento as inspeccións que se consideren pertinentes. En base a estas inspección poderá ditar as indicacións e instrucións que sexan necesarias e que serán de obrigado cumprimento.

No caso de que se observe a existencia de especies ou hábitats catalogados no terreo afectado pola declaración responsable, a consellería competente en materia de espazos protexidos iniciará o procedemento sancionador e, de ser o caso, remitirá un escrito de inmediato á persoa titular do aproveitamento informándolle de que este debe ser sometido á avaliación das súas repercusións previsto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, para a súa posterior autorización.

Oitavo.- No caso de que a persoa declarante descoñeza a existencia de posibles afeccións da parcela, deberá substituír a declaración responsable pola correspondente solicitude de autorización, segundo o modelo MR 604I da sede electrónica da Xunta.

Noveno.- As zonas excluídas do ámbito de aplicación desta orde poderanse consultar no visor da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no seguinte enlace <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>, e no mapa que se insire no número terceiro deste anexo.

2. CONDICIÓN PARTICULARES

1. A presentación da declaración responsable implica que a persoa interesada cumpre cos requisitos esixidos pola lexislación en materia de conservación do patrimonio natural.
2. O aproveitamento realizarase sobre o número de pés, volume e especies declarados de piñeiros e eucaliptos, podendo incluír ata un máximo do 10% de pés doutras especies mesturadas.
3. Non se realizarán rozas ou segas da vexetación herbácea ou das matogueiras salvo que sexa necesario para previr os riscos laborais dos operarios que efectúen as cortas.
4. O amoreamento da madeira realizarase sen afectar aos hábitats e especies protexidos.
5. En ningún caso a Administración será responsable da afección a hábitats ou especies de interese para a conservación, nin dos danos persoais ou materiais producidos polo desenvolvemento do aproveitamento forestal, correspondéndolle ao declarante valorar o risco existente no desenvolvemento da actividade e adoptar as medidas necesarias para minimizalo.
6. Na zona de actuación non se abandonará ningún tipo de material contaminante ou impropio do medio natural debendo entregarse a xestor autorizado todos os residuos

xerados como consecuencia da actividade (plásticos, aceites, recambios de aceites, etc.). Adoptaranse as precaucións necesarias para que non se produzan verteduras de lubricantes, combustibles, aceites ou graxas de maquinaria durante os labores forestais usando, preferentemente, produtos biodegradables; estas precaucións serán obrigatorias en calquera zona en que teña lugar o aproveitamento e, especialmente, nas zonas próximas a ríos e canles.

7. A maquinaria manterase en perfecto estado de funcionamento para evitar fugas de combustible e aceite e minimizar a contaminación acústica e atmosférica, así como dos medios adecuados que eviten a produción de faíscas por fricción dos seus mecanismos.

8. A maquinaria empregada en calquera traballo forestal debe acharse en perfectas condicións mecánicas, sometidas a todas as rutinas de mantemento que estableza o fabricante. Todos os labores de mantemento, cambios de aceite e operacións similares para maquinaria pesada deberán realizarse en talleres ou noutros lugares idóneos onde sexa posible controlar a súa execución, que en todo caso serán terreos chairos nos que se teñan establecido medidas fronte a contaminación do solo e das augas subterráneas.

9. Se a persoa declarante detecta a presenza na zona de actuación dalgunha especie incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras (Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras), comprométese a poñelo en coñecemento inmediato do Servizo de Conservación da Natureza da provincia correspondente.

10. Para os aproveitamentos de leñas para uso doméstico rexerán os seguintes condicionantes:

- A biomasa extraída non pode ser obxecto de comercialización.
- Non se excederá en ningún momento a limitación en volume por ano e persoa propietaria para o aproveitamento de leñas para uso propio.
- Será prioritaria a corta de espécimes secos ou enfermos. O apeo dos pés secos ou enfermos efectuarase en último lugar para evitar a propagación de enfermidades a pés sans. Rematados os traballos, desinfectaranse todas as ferramentas de corte utilizadas.
- Durante a realización dos traballos non poderá verse afectada a persistencia da masa forestal nin poderá derivarse unha perda no estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación: non se afectará a especies de flora, fauna ou hábitats protexidos pola lexislación vixente.


11. Para os aproveitamentos comerciais de piñeiros e eucaliptos, rexerán os seguintes condicionantes específicos:

- Os aproveitamentos de eucalipto e piñeiro, deberán efectuarse conforme ás especificacións incluídas no Decreto 37/2014, do 27 de marzo e á normativa sectorial

vixente, garantindo a conservación dos solos e das compoñentes naturais, non afectando apreciablemente aos tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, así como non afectar a árbores e mouteiras senlleiras, declaradas de conformidade co Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

- Unha vez rematado o aproveitamento procederase por parte da persoa á que lle corresponda esta responsabilidade, á retirada dos materiais sobrantes da corta, agás nos casos excluídos pola lexislación sectorial.
- Dirixirase a corta de modo que se minimicen os danos sobre o arborado que vaia quedar en pé.
- Se é necesaria a entrada de maquinaria na zona de corta, tomaranse as medidas adecuadas para evitar causar danos innecesarios aos solos.

3. MAPAS DAS ZONAS EXCLUÍDAS DA DECLARACIÓN RESPONSABLE NOS TERREOS QUE FORMAN PARTE DA REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS, REDE NATURA 2000 E ÁREAS PRIORITARIAS DE ESPECIES INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS



ANEXO III

Prego de condicións para os aproveitamentos madeireiros nos terreos que forman parte da zona de policía de leitos (5-100 m), no ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa

1. Este prego aplicase na zona de policía (5-100 m), pero non en zona de dominio público hidráulico e zona de servidume de cauces.
2. Prohíbese utilizar as marxes ou ribeiras dos leitos, así como a zona de servidume como depósito de materiais, parques de maquinaria, lavados e, en xeral todas cantas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.
3. Prohíbese o depósito de restos da corta ou das podas nin no leito do cauce, nin nas súas zonas de servidume.
4. Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) ou de degradación do seu entorno.
5. Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contamina-las augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, agás que se conte coa previa autorización de Augas de Galicia.
6. Prohíbese vadear os ríos ou regatos coa maquinaria de corta e transporte, agás que se conte coa preceptiva autorización de Augas de Galicia.
7. Adoptaranse as medidas necesarias que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados tanto pola propia tala como polo tránsito de maquinaria necesaria para a tala e transporte, evitando a erosión e posible arrastre de materiais que se puideran incorporar o leito, con especial atención a talas de grandes superficies ou en terreos de forte pendente.
8. Instalaranse sistemas de retención de sedimentos como por exemplo balas de palla, barreiras de retención ou calquera outro que garanta que non cheguen arrastres ao dominio público hidráulico. Estes sistemas instalaranse antes do comezo da corta.
9. Durante a corta, unicamente se poderá amorear temporalmente a madeira en zona de policía, fóra da zona inundable, cando non exista outro lugar para o seu acopio. En todo caso, non se poderá amorear madeira dunha parcela distinta á solicitada.
10. No caso de precisarse executar vías de transporte, explanacións de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras deberá solicitarse a preceptiva autorización de Augas de Galicia.
11. Rematada a corta procederase, inmediatamente, á limpeza e retirada dos restos e á rehabilitación das zonas que de dalgún xeito sufrira unha degradación (tránsito de maquinaria).

12. No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas, deberase contemplar a súa reposición. De cara ao cumprimento do artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico, referido ás modificacións de concesións, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da concesión.

13. Deberase respectar as zonas protexidas incluídas no Catálogo do Plan Hidrológico Galicia Costa de cara a súa preservación”.